



Proposta campaña “Reciclar en ASAC ten premio”

Cada ano, millóns de toneladas de lixo son depositadas no océano, praias, bosques e natureza en xeral. As principais causas de que isto ocorra son, por unha banda, os patróns insustentables de consumo e produción presentes hoxe en día na sociedade, estratexias de xestión de residuos de baixa calidade e a falta de sensibilización da poboación. Cada ano, o **17 de Maio** miles de organizacións e ONG celebran o **Día Mundial da Reciclaxe**, para crear conciencia e que cada cidadán do mundo logre tomar acción e cambiar os seus hábitos de consumo, por hábitos positivos ao Planeta.

Para conmemorar o **Día Mundial da Reciclaxe** o 17 de Maio, a Tropa Verde quere por en marcha no **Programa de Enriquecemento de Altas Capacidades (ASAC-Galicia)** desenvolvido vía convenio coa Universidade de Santiago de Compostela na facultade de psicología, a campaña de motivación ambiental **“Reciclar en ASAC ten premio”** entre os nenos e nenas dos diferentes talleres impartidos na facultade de psicología.

A quen vai dirixida?

Esta campaña de sensibilización está dirixida os nenos e nenas que asisten os talleres de ASAC na facultade de psicología.

Cal é a finalidade da campaña?

A finalidade é incentivar a responsabilidade ambiental nos nenos e nenas de ASAC, así como nas súas familias, mediante un concurso con recompensa, contribuíndo así á redución dos residuos e optimizando a xestión destes.

O proxecto implica a recollida de tapóns de plástico de botellas para a súa posterior reciclaxe e prever graves problemas de contaminación.

En que consiste?



A campaña consiste na recollida de tapóns de plástico de botellas. Cada equipo estará formado polos nenos e nenas dun mesmo taller. A competencia levarase a cabo entre tódolos talleres da facultade de psicología.

O galardón recaerá naquel taller que consiga reunir máis tapóns de plástico dende o 7 de Maio ata o 28 de Maio do 2016. Haberá 1 premio para cada compoñente do taller gañador.



Que teñen que facer ASAC?

Nada máis que informar aos nenos e nenas sobre a campaña (Marta Morán dará unha pequena charla o 7 de Maio) e organizar a recollida de tapóns o 28 de maio.

Facilitar unha lista dos talleres de psicoloxía co nome do taller, o número de nenos e nenas que hai en cada taller e a súas idades (para a recompensa).

¿Que teñen que facer os alumnos e alumnas?

Para participar, os nenos e nenas deberán seguir os seguintes dous pasos:

1. Recoller o máximo número de tapóns de plástico dende o 7 ata o 28 de Maio.
2. Introducilos nunha bolsa e levalos a ASAC o 28 de Maio.


7 DE MAIO



28 DE MAIO



FACULTAD DE
PSICOLOXÍA



Os nenos e nenas do taller "Capitán Planeta" non participarán na competición como tal, se non que eles serán o "xurado", e dicir, os encargados de facer o relato de tapóns, dar o nome da clase gañadora e unha pequena charla sobre a contaminación dos plásticos.



¿Que é a Tropa Verde?

Tropa Verde (www.tropaverde.gal) é unha iniciativa de Teimas Desenvolvemento xunto co Concello de Santiago de Compostela máis Urbaser. Teimas (<http://teimas.com/>), é empresa TIC galega especializada no sector residuos.

O obxectivo do proxecto é mellorar os índices de reciclaxe, rebaixando os custos de xestión de residuos. Comezamos polo cidadán, incentivándoo a reciclar mediante recompensas directas por cada boa acción ambiental.

A Tropa Verde avanza con éxito. Entre outros premios Santiago de Compostela foi finalista como Cidade Sostenible por esta iniciativa nos Premios do Fórum Ambiental.

Impacto ambiental do plástico

O plástico é un material que o planeta non pode dixerir

O plástico tarda centos de anos en descompoñerse no medio ambiente, ata 1.000 anos segundo o tipo de plástico. Utilizar masivamente un material tan duradeiro para obxectos desechables é un erro de consecuencias catastróficas a nivel global.



Os plásticos que entran en contacto cos alimentos envenenan aos seres humanos

Algúns dos aditivos tóxicos do plástico, como o potente disruptor endocrino bisfenol A, contaminan o sangue de máis do 90% da poboación, incluídos os nenos recentemente nados.

O plástico no medio ambiente vaise fragmentando en trocitos cada vez máis diminutos que atraen e acumulan sustancias tóxicas

Estes fragmentos contaminan xa todos os mares e costas do planeta e están presentes en practicamente todos os ecosistemas. Os fragmentos de plástico son inxeridos por



animais, mesmo por seres microscópicos como o plancto, contaminando a cadea alimentaria da que dependemos.



Que se fai cos tapóns?



Os motivos do valor dos tapóns de plástico son varios. En primeiro lugar, o material do que están feitos é **polietileno de alta densidade**, un tipo de plástico de bastante calidade e moi valioso no mercado. Doutra banda é un material que chega moi limpo ás plantas de reciclaxe, ademais ocupa pouco espazo e ofrece moitas posibilidades de almacenaxe. En definitiva danse todas as condicións para que a recolección dos tapóns sexa rendible, aínda que sería imposible levalo a cabo sen o labor das asociacións benéficas.

Cada tonelada de tapóns (ao redor de 500.000 unidades) págase a 200 euros de media. As asociacións colleitan a maior cantidade posible e véndenos ás plantas de reciclaxe, así converten os tapóns en diñeiro. Unha vez alí, despois do proceso de lavado, clasificación, trituración e fundición, o prezo da granza, que é como se denomina ao material resultante, ascende a 400 euros por tonelada.


Por iso para as empresas o carácter benéfico destas campañas non é o único que importa, tendo en conta que non teñen que pagar a ?man de obra? da separación dos tapóns (porque sería inviable) e que obteñen un produto ?limpo? e listo para ser transformado, o custo da materia prima é bastante barato.

A clave está en que se trata de polímeros de mellor calidade, á vez que a súa toxicidade é menor. Trátase fundamentalmente de polietilenos e polipropilenos, cuxo reciclado é máis sinxelo porque son un produto máis uniforme. Pero ademais, o volume final de recollida é menor que no caso doutros envases de maior tamaño, polo que a súa




manipulación é máis sinxela, ademais de que adoitan chegar máis limpos e con menos residuos.

Tras a súa reciclaxe fábricase **granza**, unha materia prima que serve para elaborar produtos como caixas (para froitas e hortalizas), revestimentos ou illantes.



A alta densidade do polietileno utilízase na manufactura de colectores para bebidas e alimentos, deterxente para roupa e lavalouzas, e bolsas para comida, lixo e tendas. Recíclase en colectores para deterxente de roupa, champú e acondicionadores de cabelo, botellas de aceite para motores, plástico, tubos, cubetas, colectores, macetas para flores, cinta para películas, botes para reciclaxe, casas para cans, mesas para exteriores e louzas para o piso. Este é outro plástico que se recolle na maioría dos lugares, pero algúns só aceptarán colectores con pescozos.

Proceso de reciclaxe dos plásticos



O obxectivo fundamental desta campaña é remover a conciencia das nenas e nenos e inculcarlles a importancia de coidar o noso planeta desde xa